

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CBARG01	Artes Gráficas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3128	Manipulacións en industrias gráficas	2018/2019	6	164	164
MP3128_12	Procesos de manipulación de produtos gráficos	2018/2019	6	127	127
MP3128_22	Manipulación de produtos gráficos de xigantografía dixital	2018/2019	6	37	37

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ENRIQUE MOLDES FANDIÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Artes Gráficas consiste en realizar traballos de reprografía e operacións básicas de apoio á produción, a manipulación e a finalización de produtos gráficos, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais e de seguridade e hixiene no traballo vixentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

O modulo profesional MP3128, Manipulacións en Industrias Gráficas, ten como finalidade formar aos/as alumnos/as nas seguintes características do ámbito produtivo:

- Acondicionar a área de traballo dispoñendo os materiais para as operacións de reprografía e de produción en artes gráficas, de acordo coas instrucións técnicas.
- Realizar traballos de manipulación e/ou finalización de produtos gráficos de acordo coas especificacións técnicas, mediante operacións manuais e equipamentos específicos de artes gráficas, obtendo acabamentos coa calidade establecida.
- Realizar operacións auxiliares de verificación e control de calidade de materiais e produtos gráficos finalizados ou en proceso de produción, aplicando os criterios establecidos para a súa aceptación.
- Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando influencias e hábitos positivos para a saúde humana.
- Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poida afectar o equilibrio do ambiente.
- Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os produtos gráficos	Identificación e descripción dos diferentes procesos de manipulación de produtos gráficos.	38	35
2	Planificación do traballo	Acondicionado da área de traballo e disposición de materiais e ferramentas.	52	20
3	As ordes de traballo	Interpretación de ordes de traballo.	15	20
4	Mantemento da maquinaria.	Posta a punto de máquinas e equipamentos.	22	5
5	Manipulación de produtos gráficos de xigantografía dixital	Transformación e manipulación de xigantografías.	37	20



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os produtos gráficos	38

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica procesos de manipulación de produtos gráficos, interpretando ordes de produción e secuenciando as operacións básicas necesarias para realizar os traballos en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as operacións de manipulación máis comúns que se aplican sobre os soportes gráficos (corte, fendadura, furada, perforación, microperforación, fresaxe, encolado, cosedura con arame, termoseladura, encartadura, alzado, embuchadura, etc.), identificando as que pola súa complexidade deben realizarse mediante apoio mecánico
CA1.2 Identifícanse os produtos gráficos máis comúns que requiran procesos de sinxelos manipulacións a partir da utilización de máquinas auxiliares (folletos, cartafolios, facturas, revistas manuais, expedientes, etc.)
CA1.3 Descríbense os tipos de grampaxe e cosedura con arame máis comúns, e explicáronse as diferenzas e as súas aplicacións máis comúns
CA1.4 Descríbense os tipos de enlombamento máis comúns e explicáronse as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes, así como as súas aplicacións máis comúns
CA1.5 Relaciónanse os tipos de perforación co tipo de envaramento que se vaia utilizar, en función do produto que se queira obter ou do uso posterior: espiral, wire-o, canoto, etc
CA1.6 Relaciónanse os materiais utilizados na fabricación cos procesos de manipulación e coas máquinas que interviñeron no proceso
CA1.7 Interpretáronse as instrucións dadas, realizando esbozos onde se reflectan as indicacións recibidas (tamaño, tipo de manipulación necesaria, marcas ou liñas de corte, encartadura, perforación, fendadura, etc.)
CA1.8 Comprobase que as ordes de traballo recibidas inclúan toda a información necesaria (cotas de corte, signos de encartadura, fendadura, furada, perforación, etc.), e rexistráronse os datos necesarios que falten

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Secuencia de operacións mecanizadas de manipulación (corte, fendadura, fresaxe, cosedura con arame, etc.).
Características dos produtos gráficos para manipular mediante procesos mecanizados (cartafolios, folletos, facturas, expedientes, revistas, etc.).
Características e tipos de grampaxe e cosedura con arame.
Relación entre equipamentos e procesos.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Planificación do traballo	52

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Acondiciona a área de traballo para a realización de manipulacións de produtos gráficos, dispoño os materiais, as máquinas auxiliares e os utensilios para posibilitar a execución das operacións en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os compoñentes e o funcionamento das máquinas auxiliares máis comunmente empregadas nos procesos de manipulación
CA2.2 Identifícanse os tipos de máquinas de transformación pola súa forma de actuar sobre os materiais e resultados (alzadoras, encartadoras, fresadoras, encoladoras, cosedoras, plastificadoras e laminadoras)
CA2.3 Relaciónanse os tipos de máquinas de marcaxe e perforación cos materiais sobre os que poden actuar (perforadora, fendedora, furadora e tradeadura de broca oca)
CA2.4 Relaciónanse as máquinas auxiliares de manipulacións clasificándoas polas súas funcións (cortar, alzar, pregar, coser, fresar, encolar, perforar, marcar, etc.) e polos tipos de materiais que poden tratar (papel, cartón, plástico, etc.)
CA2.5 Identifícanse os utensilios intercambiábeis que se poden adaptar ás máquinas auxiliares de manipulacións, en relación coas funcións e as operacións que poden realizarse (peites de fendedura, perforación, furada, brocas ocas, coitelas de redondear, remachador, etc.)
CA2.6 Relaciónanse os peites de furada cos materiais que se vaian marcar, determinando as necesidades do tamaño do furado en función da gramaxe, a galga ou a rixidez do material
CA2.7 Identifícanse as brocas ocas polo seu diámetro, en relación co material que se vaia perforar e co tipo de ferrollos, aros ou parafusos que se vaian utilizar
CA2.8 Descríbense os elementos principais dunha grampadora manual e unha cosedora semiautomática de arame, identificando os axustes necesarios para realizar a cosedura ou a grampaxe do produto gráfico a cabaleta e en platina ou en plano
CA2.9 Descríbense os elementos principais dunha fresadora encoladora auxiliar identificando os puntos de axuste, así como o xeito de montaxe e desmontaxe dos utensilios intercambiábeis
CA2.10 Descríbense os elementos principais das máquinas auxiliares de corte (guillotina, cisalla de disco e cisalla plana), identificando os puntos de axuste e describindo a forma de corte e as súas vantaxes, desvantaxes e limitacións
CA2.11 Descríbense os elementos principais de alzadoras e encartadoras, identificando os puntos de axuste e os manexadores de uso, e salientando as incidencias máis comúns nas operacións durante o proceso
CA2.12 Dispuxéronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de máquinas e utensilios para a realización de manipulacións de produtos gráficos

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Secuencia de operacións mecanizadas de manipulación (corte, fendedura, fresaxe, cosedura con arame, etc.).
Identificación de máquinas e equipamentos en procesos simples de manipulación: alzadoras, encartadoras, fresadoras, coladoras, cosedoras, laminadoras, etc.
Tipos de máquinas: funcións.
Compoñentes e funcionamento de máquinas e equipamentos.
Utensilios intercambiábeis nas máquinas de manipulacións.
Operacións de montaxe e axuste de peites de furada, brocas ocas, remachador, etc.. Funcións.
Medidas de seguridade na preparación de máquinas auxiliares para a manipulación de produtos gráficos.



**Contidos**

Preparación do material (aireamento, igualación, etc.).

Preparación e mellora da área de traballo.

Operacións en máquinas auxiliares multifunción: remaches, ollais, cantoneiras, etc.

Operacións de cosedura en platina e a cabalete.

Axustes de fresadora e encoladora en relación ao tipo de papel.

Operacións de guillotinaxe e cisalla sobre diferentes tipos de material.

Normas de seguridade nas operacións de manipulación de produtos gráficos mediante máquinas auxiliares. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Equipamentos de protección individual.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	As ordes de traballo	15

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica procesos de manipulación de produtos gráficos, interpretando ordes de produción e secuenciando as operacións básicas necesarias para realizar os traballos en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI
RA2 - Acondiciona a área de traballo para a realización de manipulacións de produtos gráficos, dispoñendo os materiais, as máquinas auxiliares e os utensilios para posibilitar a execución das operacións en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI
RA3 - Realiza operacións de manipulación de produtos gráficos con máquinas auxiliares, adaptando os seus compoñentes, montando os elementos intercambiabes e axustando os parámetros de control, de acordo coas especificacións do traballo, en condicións de calidade e seguridade	SI
RA4 - Colabora na posta a punto de máquinas auxiliares e equipamentos de manipulacións, realizando en condicións de seguridade, saúde e protección ambiental as operacións rutinarias de limpeza e de mantemento de primeiro nivel establecidas	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as operacións de manipulación máis comúns que se aplican sobre os soportes gráficos (corte, fendadura, furada, perforación, microperforación, fresaxe, encolado, cosedura con arame, termoseladura, encartadura, alzado, embuchadura, etc.), identificando as que pola súa complexidade deben realizarse mediante apoio mecánico
CA1.2 Identifícanse os produtos gráficos máis comúns que requiran procesos de sinxelos manipulacións a partir da utilización de máquinas auxiliares (folletos, cartafolios, facturas, revistas manuais, expedientes, etc.)
CA1.3 Descríbense os tipos de grampaxe e cosedura con arame máis comúns, e explicáronse as diferenzas e as súas aplicacións máis comúns
CA1.4 Descríbense os tipos de enlombamento máis comúns e explicáronse as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes, así como as súas aplicacións máis comúns
CA1.5 Relaciónanse os tipos de perforación co tipo de envaramento que se vaia utilizar, en función do produto que se queira obter ou do uso posterior: espiral, wire-o, canoto, etc
CA1.6 Relaciónanse os materiais utilizados na fabricación cos procesos de manipulación e coas máquinas que interviñeron no proceso
CA1.7 Interpretáronse as instrucións dadas, realizando esbozos onde se reflectan as indicacións recibidas (tamaño, tipo de manipulación necesaria, marcas ou liñas de corte, encartadura, perforación, fendadura, etc.)
CA1.8 Comprobase que as ordes de traballo recibidas inclúan toda a información necesaria (cotas de corte, signos de encartadura, fendadura, furada, perforación, etc.), e rexístranse os datos necesarios que falten
CA2.1 Descríbense os compoñentes e o funcionamento das máquinas auxiliares máis comunmente empregadas nos procesos de manipulación
CA2.2 Identifícanse os tipos de máquinas de transformación pola súa forma de actuar sobre os materiais e resultados (alzadoras, encartadoras, fresadoras, encoladoras, cosedoras, plastificadoras e laminadoras)
CA2.3 Relaciónanse os tipos de máquinas de marcaxe e perforación cos materiais sobre os que poden actuar (perforadora, fendadora, furadora e tradeadura de broca oca)
CA2.4 Relaciónanse as máquinas auxiliares de manipulacións clasificándoas polas súas funcións (cortar, alzar, pregar, coser, fresar, encolar, perforar, marcar, etc.) e polos tipos de materiais que poden tratar (papel, cartón, plástico, etc.)
CA2.5 Identifícanse os utensilios intercambiabes que se poden adaptar ás máquinas auxiliares de manipulacións, en relación coas funcións e as operacións que poden realizarse (peites de fendadura, perforación, furada, brocas ocas, coitelas de redondear, remachador, etc.)
CA2.6 Relaciónanse os peites de furada cos materiais que se vaian marcar, determinando as necesidades do tamaño do furado en función da gramaxe, a galga ou a rixidez do material
CA2.7 Identifícanse as brocas ocas polo seu diámetro, en relación co material que se vaia perforar e co tipo de ferrollos, aros ou parafusos que se vaian utilizar
CA2.8 Descríbense os elementos principais dunha grampadora manual e unha cosedora semiautomática de arame, identificando os axustes necesarios para realizar a cosedura ou a grampaxe do produto gráfico a cabaleta e en platina ou en plano
CA2.9 Descríbense os elementos principais dunha fresadora encoladora auxiliar identificando os puntos de axuste, así como o xeito de montaxe e desmontaxe dos utensilios intercambiabes
CA2.10 Descríbense os elementos principais das máquinas auxiliares de corte (guillotina, cisalla de disco e cisalla plana), identificando os puntos de axuste e describindo a forma de corte e as súas vantaxes, desvantaxes e limitacións



Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense os elementos principais de alzadoras e encartadoras, identificando os puntos de axuste e os manexadores de uso, e salientando as incidencias máis comúns nas operacións durante o proceso
CA2.12 Dispúxéronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de máquinas e utensilios para a realización de manipulacións de produtos gráficos
CA3.1 Interpretáronse os datos máis salientables que poden aparecer en ordes de traballo (número de exemplares, tipo de manipulación, xeito de actuación, materiais, signos, marcas, esbozos e outros parámetros)
CA3.2 Interpretáronse instrucións de traballo verbais recoñecendo os datos necesarios para realizar o traballo e o vocabulario utilizado en procesos de manipulacións sinxelas (formatar, igualar, alzar, encartar, embuchar, grampar, encolar, envarar, etc.)
CA3.3 Retiráronse envolturas, e aireáronse e igualáronse soportes en plano ou outras operacións necesarias para a súa preparación, segundo o tipo de material
CA3.4 Preparouse a área de traballo dispoñendo dos espazos necesarios que permitan con comodidade acceder ao material a manipular e dispensar o produto terminado
CA3.5 Montáronse e desmontáronse utensilios intercambiabes (troqueis, brocas ocas, peites de fendedura, furada, perforación, microperforación, etc.), segundo as indicacións dadas en cada caso
CA3.6 Realizáronse operacións de manipulación do produto, aplicando ollais, remaches, cantoneiras ou outros materiais), segundo as indicacións dadas en cada caso
CA3.7 Realizáronse axustes en cosedoras de arame, obtendo produtos gráficos indicados en platina e a cabalete
CA3.8 Realizáronse axustes en fresadoras encoladoras, valorando o resultado da utilización de diferentes fresas sobre diversos bloques e tipos de papel
CA3.9 Obtívose o formato determinado dos materiais utilizando guillotina de sobremesa, cisalla de disco ou cisalla plana, describindo a forma de corte, folla a folla ou en bloques, así como as vantaxes, as desvantaxes e as limitacións de cada unha
CA3.10 Axustáronse os mecanismos de alzadoras e encartadoras auxiliares
CA3.11 Realizouse o encartadura das follas en paralelo, en cruz, en díptico, en tríptico, en caderno, etc., segundo as indicacións en cada caso
CA3.12 Adoptáronse as medidas de seguridade establecidas, utilizando os equipamentos de protección individual correspondentes
CA4.1 Identificáronse os procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento, así como os medios, os métodos e a periodicidade de aplicación que se indican en plans de mantemento tipo
CA4.2 Recoñeceuse visualmente o estado en que quedan as máquinas logo do seu uso e recolléronse nunha ficha as deficiencias identificadas canto a limpeza e disposición de ferramentas, produtos e utensilios
CA4.3 Descríbense as operacións de limpeza máis comúns que se deben realizar en máquinas e equipamentos, diferenciando as operacións diarias e as periódicas
CA4.4 Identificáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel que deben realizarse, a partir duns manuais técnicos de máquinas ou de instrucións de traballo, e clasificáronse pola súa periodicidade
CA4.5 Seleccionáronse, utilizáronse, acondicionáronse e almacenáronse segundo os procedementos establecidos as ferramentas e os utensilios de limpeza e mantemento de primeiro nivel (chaves fixas, desaparafusadores, aceiteiras, engraxadoras, sopradores de aire comprimido, etc.)
CA4.6 Identificáronse os elementos das máquinas que requiran operacións de limpeza e mantemento
CA4.7 Cubríronse fichas de mantemento, con indicación da data, as operacións realizadas, as pezas ou os elementos substituídos e outros datos salientables
CA4.8 Aplicáronse os protocolos de actuación en relación ao tratamento de residuos xerados no proceso gráfico realizado

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Secuencia de operacións mecanizadas de manipulación (corte, fendedura, fresaxe, cosedura con arame, etc.).
Características dos produtos gráficos para manipular mediante procesos mecanizados (cartafolios, folletos, facturas, expedientes, revistas, etc.).
Características e tipos de grampaxe e cosedura con arame.





Contidos

Relación entre equipamentos e procesos.

Identificación de máquinas e equipamentos en procesos simples de manipulación: alzasoras, encartadoras, fresadoras, coladoras, cosedoras, laminadoras, etc.

Tipos de máquinas: funcións.

Compoñentes e funcionamento de máquinas e equipamentos.

Utensilios intercambiables nas máquinas de manipulacións.

Operacións de montaxe e axuste de peites de furada, brocas ocas, remachador, etc.. Funcións.

Medidas de seguridade na preparación de máquinas auxiliares para a manipulación de produtos gráficos.

Preparación do material (aireamento, igualación, etc.).

Preparación e mellora da área de traballo.

Operacións en máquinas auxiliares multifunción: remaches, ollais, cantoneiras, etc.

Operacións de cosedura en platina e a cabaleta.

Axustes de fresadora e encoladora en relación ao tipo de papel.

Operacións de guillotinaxe e cisalla sobre diferentes tipos de material.

Normas de seguridade nas operacións de manipulación de produtos gráficos mediante máquinas auxiliares. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Equipamentos de protección individual.

Plans de mantemento.

Instrucións técnicas de limpeza e mantemento.

Procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento.

Manuais técnicos de máquinas auxiliares de manipulacións en industrias gráficas.

Elementos das máquinas susceptibles de mantemento e limpeza.

Operacións de limpeza: limpeza diaria e periódica.

Formalización de fichas de mantemento e limpeza. Identificación das operacións realizadas.

Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de máquinas auxiliares e equipamentos de manipulacións de produtos gráficos. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.

Tratamento de residuos nas operacións de mantemento e limpeza.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Mantemento da maquinaria.	22

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Colabora na posta a punto de máquinas auxiliares e equipamentos de manipulacións, realizando en condicións de seguridade, saúde e protección ambiental as operacións rutinarias de limpeza e de mantemento de primeiro nivel establecidas	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento, así como os medios, os métodos e a periodicidade de aplicación que se indican en plans de mantemento tipo
CA4.2 Recoñécese visualmente o estado en que quedan as máquinas logo do seu uso e recóllense nunha ficha as deficiencias identificadas canto a limpeza e disposición de ferramentas, produtos e utensilios
CA4.3 Descríbense as operacións de limpeza máis comúns que se deben realizar en máquinas e equipamentos, diferenciando as operacións diarias e as periódicas
CA4.4 Identifícanse as operacións de mantemento de primeiro nivel que deben realizarse, a partir duns manuais técnicos de máquinas ou de instrucións de traballo, e clasifícanse pola súa periodicidade
CA4.5 Selecciónanse, utilízanse, acondiciónanse e almacénanse segundo os procedementos establecidos as ferramentas e os utensilios de limpeza e mantemento de primeiro nivel (chaves fixas, desaparafusadores, aceiteiras, engraxadoras, sopradores de aire comprimido, etc.)
CA4.6 Identifícanse os elementos das máquinas que requiran operacións de limpeza e mantemento
CA4.7 Cubríronse fichas de mantemento, con indicación da data, as operacións realizadas, as pezas ou os elementos substituídos e outros datos salientables
CA4.8 Aplicáronse os protocolos de actuación en relación ao tratamento de residuos xerados no proceso gráfico realizado

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Plans de mantemento.
Instrucións técnicas de limpeza e mantemento.
Procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento.
Manuais técnicos de máquinas auxiliares de manipulacións en industrias gráficas.
Elementos das máquinas susceptibles de mantemento e limpeza.
Operacións de limpeza: limpeza diaria e periódica.
Formalización de fichas de mantemento e limpeza. Identificación das operacións realizadas.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de máquinas auxiliares e equipamentos de manipulacións de produtos gráficos. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.
Tratamento de residuos nas operacións de mantemento e limpeza.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Manipulación de produtos gráficos de xigantografía dixital	37

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Transforma e manipula produtos gráficos de xigantografía dixital, aplicando procesos mecánicos simples en condicións seguridade e realizando operacións de control de calidade, de acordo coas especificacións establecidas	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os produtos máis comúns de xigantografía, especificando os materiais máis utilizados na súa elaboración (tipos de papeis, plásticos, lonas, cartóns pluma, etc.)
CA1.2 Preparáronse os espazos e os utensilios necesarios para o refilo, o formatado, o pegado ou o contraencolado dun produto de xigantografía
CA1.3 Identifícanse as necesidades de manipulación máis comúns en produtos gráficos de xigantografía, as partes para unir, as zonas para perforar, etc
CA1.4 Estableceuse unha secuencia dos procesos que cumpra realizar
CA1.5 Interpretáronse os datos e a simboloxía dos materiais (zonas de fixación, unión ou soldadura dos materiais que conforman o produto, zonas para remaches ou ollais e outros elementos de fixación)
CA1.6 Consideráronse as medidas de enrolamento, marcaxe e identificación, e as de protección do produto, traslado e empillamento específicas de produtos de xigantografía
CA1.7 Refiláronse e formatáronse os materiais respectando as zonas de montaxe coas pezas ou as partes contiguas
CA1.8 Contraencolouse un ploteado sobre diferentes tipos de material (papel, cartón, lonas ou outros soportes ríxidos), utilizando os materiais de unión axeitados en cada caso e identificando as dificultades no proceso
CA1.9 Uníronse partes do produto de xigantografía segundo as indicacións recibidas (soldadura, remache, termoseladura ou encolado), e verificouse a calidade das unións
CA1.10 Realizáronse laminacións de produtos de xigantografía ríxidos e flexibles, a partir das instrucións dadas
CA1.11 Adoptáronse as medidas de seguridade establecidas, utilizando os equipamentos de protección individual correspondentes

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Operacións mecánicas simples de manipulación en produtos de xigantografía.
Descrición dos produtos de xigantografía. decoración de vehículos comerciais, frontais de rótulos luminosos, valos publicitarios e de obra, pancartas, displays, lonas publicitarias xigantes en fachadas, murais, escaparates, stands de feira e outros espazos promocionais. Características dos materiais utilizados (papeis, plásticos, lonas, cartóns pluma, etc.).
Operacións do proceso (refilo, formatado, encolado, pegado, etc.).
Contraencolado e pegado de produtos ploteados sobre diferentes superficies ríxidas.
Métodos de soldadura, remache e termoseladura. Interaccións cos materiais implicados. Precaucións. Erros e incidencias comúns.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de manipulación en produtos de xigantografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Equipamentos de protección individual.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse os seguintes compoñentes do proceso avaliador:

### 1. Actividades teóricas:

Probas escritas: cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos,...) indicando a materia sometida a avaliación. Con carácter individual, aínda que nalgures unidades ou temas poderá ser en grupo.

Propostas de traballo que o alumno/a en ocasións realizará en horario lectivo, e noutras ocasións en horario non lectivo. Ao longo do curso pódense programar traballos para obter información pertinente de fontes secundarias utilizadas para mellorar as habilidades de búsqueda de información coa utilización de internet, traballos de análise, bibliográficos, de investigación, búsqueda bibliográfica... que se desenvolverán de forma grupal e/ou individual.

Traballos en grupo: Como norma xeral, a cualificación do traballo será aplicando os criterios establecidos e debe ser igual para todos os compoñentes do grupo.

Deben tomarse como elementos avaliadores mínimos os seguintes:

Claridade da exposición.

Conclusións.

Estrutura do traballo.

Presentación.

Maquetación.

Contidos.

Emprego de imaxes e demais recursos gráficos.

Traballos individuais, cualificados individualmente.

Deben tomarse como elementos avaliadores mínimos os seguintes:

Claridade da exposición.

Conclusións.

Estrutura do traballo.

Presentación.

Maquetación.

Contidos.

Emprego de imaxes e demais recursos gráficos.

Exposicións: En ocasións o peso dun traballo ou práctica radica na exposición oral que posteriormente fan os alumnos/as. Neste caso cómpre matizar que cando se trate de traballos en grupo a exposición debe valorarse individualmente, tendo en conta como elementos avaliadores para as exposicións orais:

Utilización da linguaxe.

Aplicación de conceptos.

Claridade da exposición.

Utilización de recursos.

Respostas dadas ás dúbidas.

Concreción dos obxectivos propostos.

Todas as actividades terán un prazo de realización ou entrega, o non cumprimento del suporá a penalización de 1 punto na valoración final do traballo ou exercicio, por día de retraso.



## 2. Actividades prácticas:

Tutoriais: serán sempre con carácter individual. O alumno seguirá as explicacións do mestre, que o guiará durante todo o exercicio, para deste xeito conseguir adquirir novos contidos, afianzar os que xa posúe e/ou alcanzar novas destrezas e técnicas de traballo.

Exemplos prácticos de elaboración: poden ser de diverso tipo e orientados a traballar os obxectivos formativos (conceptos, compoñentes, técnicas de traballo, potenciar habilidades, etc...). Cualificados individualmente, deben tomarse como elementos avaliadores mínimos o seguintes:

Identificación dos produtos gráficos máis comúns que requiran procesos de sinxelos manipulacións a partir da utilización de máquinas auxiliares (folletos, cartafolios, facturas, revistas, manuais, expedientes, etc.).

Comprobación de que as ordes de traballo recibidas inclúan toda a información necesaria (cotas de corte, signos de encartadura, fendedura, furada, perforación, etc.), e rexistro dos datos necesarios que falten.

Acondicionamento da área de traballo para a realización de manipulacións de produtos gráficos, dispendo os materiais, as máquinas auxiliares e os utensilios para posibilitar a execución das operacións en condicións de produtividade, calidade e seguridade.

Manexo da maquinaria básica de manipulación (pregadora, grampadora, encadernadora, laminadora) cunha soltura mínima para a realización dos traballos requeridos.

Colaboración na posta a punto de máquinas auxiliares e equipamentos de manipulacións, realizando en condicións de seguridade, saúde e protección ambiental as operacións rutineiras de limpeza e de mantemento de primeiro nivel establecidas.

Teranse en conta as especificacións técnicas, características e formulacións segundo a U.D.

Todas as actividades terán un prazo de realización ou entrega, o non cumprimento del suporá a penalización de 1 punto na valoración final do traballo ou exercicio, por día de retraso.

## 3. Cualificación das actitudes: Establécense como elementos avaliadores referentes ás actitudes os seguintes:

3.1 Asistencia e puntualidade ás clases. O alumno/a ten 10 puntos.

3.2 Cumprimento das normas de convivencia do centro, as normas do regulamento de Sanidade e as normas establecidas polo profesor/a, medirase como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.3 Participación activa nas clases. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.4 Respecto aos compañeiros/as e ao profesor. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.5 Resposta ás correccións suxeridas polo profesor. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

Aos efectos de obtención da cualificación final do alumno/a seguiranse os seguintes criterios:

A cualificación global realizarase unha vez comprobada a entrega de tódolos traballos propostos, incluíndo os tutoriais e prácticas de exemplo, estes serán similares aos realizados na aula polo mestre. Unha vez certificada a entrega dos traballos, procederase do seguinte xeito:

A cualificación do elemento 1 obterase aplicando a media aritmética dos elementos que o compoñen. Terá un peso na cualificación dun 20% e fará media co punto 2 sempre que se acade un mínimo de 5 sobre 10.

A cualificación do elemento 2 obterase aplicando a media aritmética dos elementos que o compoñen correspondéndolle un 80% da cualificación. O alumno/a debe acadar un mínimo de 5 sobre 10 para calcular a media co elemento 1.

A cualificación do elemento 3 obterase pola media aritmética dos ítems: 3.2, 3.3, 3.4 e 3.5. Unha cualificación inferior a 5 sobre 10 restará un punto da cualificación global do elemento 1, mentres que unha cualificación superior a 5 engadirá un punto á cualificación do elemento 1. No ítem 3.1.1, cada 3 faltas de asistencia ou puntualidade restan un punto no elemento 2.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Cada un dos exercicios propostos ao longo do curso incluírá cuestións das unidades vistas ata o momento, o que servirá como modelo de recuperación.

Como norma, non se realizarán exercicios de recuperación e cando un alumno/a non poida asistir a un exercicio cualificarase cun 1 e non terá dereito a realizalo noutro momento.

Xa que logo, trátase de avanzar nos contidos e avaliar a consecución dos obxectivos de forma continua.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado de FP Básica, segundo o disposto na orde do 13 de xullo de 2015, non ten perda de dereito de avaliación continua, polo que se acorda que as faltas de asistencia poderán ser consideradas na cualificación do mesmo; establecendo, con carácter xeral, o seguinte:

1.- Para aquel alumnado que supere o 15% de faltas de asistencia de xeito continuado a un determinado módulo, con respecto á duración total do mesmo:

- Outorgaráselle unha cualificación final cun peso diferente ao resto do alumnado, sendo este peso dun 30% menos sobre a cualificación final obtida.

- Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo de realizar unha única proba final teórico-práctica baseada no realizado, segundo programación, ao longo do curso. Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

2.- Para aquel alumnado no que a súa falta de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontaráselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos: podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.

Teráse en conta, para este segundo caso que, a pesares de que o alumno ou alumna supere o 15% total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia nos se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun límite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1.

En todo caso si o docente, considerase oportuno facer algunha adaptación ou cambio, informarase aos alumnos con un mínimo de un mes de antelación.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación da programación farase segundo se establece na orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregaráse unha memoria final de curso.



O profesor docente do módulo será o encargado de facer o seguimento, entregando unha copia o xefe de departamento correspondente para o seu análise e verificación.

Para elo utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase durante a primeira semana de clase mediante unha proba escrita individual a cada estudante que permita obter datos respecto a súa situación previa, tanto en canto aos seus coñecementos como a súa actitude.

Os datos obtidos contrastaranse cos obtidos polos outros docentes na sesión de avaliación inicial.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo, o equipo docente realizará unha reunión inicial nos primeiros quince días do curso para intercambiar a información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes dos alumnos/as realizada polo titor ou titora do grupo segundo as indicacións da xefatura de estudos.

Nesa reunión inicial adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Dificultades de relación interpersonal.
- Dificultades de atención.
- Problemas auditivos.
- Problemas visuais.
- Dificultades de lectura.
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Dificultades no cálculo numérico.
- Faltas de asistencia sen xustificar.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación a correspondente solicitude de informe psicopedagóxico e os apoios necesarios para a realización de adaptacións non significativas segundo os modelos utilizados no CIFP COMPOSTELA.

De todos os xeitos, o equipo docente manterá reunións mensuais nas que se fará un seguimento de cada alumno/a e se adopten as medidas necesarias para a súa correcta atención.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular non significativa que se consideren oportunas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A formación profesional non ten unicamente un enfoque laboral; dentro da filosofía de formación para a vida consideramos que os contidos adaptáanse á realidade cotiá cando abarcan os tres eidos de formación persoal, social e laboral, de aí que se busque este enfoque xa especificado no Proxecto Educativo do centro.

Realizaranse actividades en equipo que fomenten valores como a constancia, a autocrítica, a comunicación, a cooperación, a curiosidade, a confianza, o diálogo, a autodisciplina, a orde, o respecto, a responsabilidade, a tolerancia, a xenerosidade, e por suposto, a creatividade.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares faranse/proporanse na medida dos acordos adoptados en reunión de departamento de AAGG e tendo en conta que estamos condicionados pola dispoñibilidade das empresas a recibir visitas ou non.

Visita a algunha editorial ou empresas de AAGG donde se poida percibir a realidade productiva do sector.

Do mesmo xeito, cada docente pode propor na súa correspondente programación outras visitas e actividades complementarias que, en todo caso, deben ser consensuadas e aprobadas polo equipo docente do curso correspondente.